

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Medicina

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O Marco de San Lourenzo

O Marco de San Lourenzo, como outros cantos pétreos que hai polo país adiante, é un monumento a protexer, merecente de ser declarado Ben de Interese Cultural polo seu valor patrimonial e ata sentimental. Ademais de ser un lugar sagrado con efectos curativos maravillosos, o Marco de San Lourenzo fai ás veces de pedra de termo entre dous concellos e catro parroquias: Maniños e Limodre, que pertencen a Fene, e Laraxe e San Martiño do Porto do concello de Cabanas. Quen o desexe atopar pode ir pola estrada que vai de Laraxe a Limodre e, unha vez sobrepasada a ponte sobre a autoestrada, tomar un camiño a man dereita entre o monte; se vai desde o lugar de Prismos, en Maniños, abonda seguir o carreiro sinalado nun indicador.

Cando o descubrades, ides quedar sorprendidos pola súa feitura, pola evidencia de que alí segue acudindo xente e pola cantidade de ofrendas depositadas. O rumor do vento entre as pólas dos eucaliptos e dos carballos transportaravos, estou ben certo, a un tempo que xa non é.

Crese que o esteo, agora con aspecto de pedra melada de dúas cuartas de alto, tres de lonxitude e menos de unha de ancho, foi a ara do altar maior dunha capela dedicada a San Lourenzo. Tamén hai quen supón que antes de haber capela apareceu a imaxe nunha cova e que a pedra xa existía como menhir ritual, logo cristianizado.

Desde que hai memoria, practicáronse alí ritos contra meigallos, aollamentos e envexas, para favorecer ou interromper a fecundación das mulleres. As parroquias veciñas encargábanse alternativamente de celebrar unha

romería en honor do santo ata que unha explosión de foguetería almacenada no interior derrubou o edificio. Daquela explosión só se salvou o marco e a imaxe do santo que desde entón, tras un conflito pola propiedade cos veciños de Maniños, pasou a ser homenaxeado na parroquial de Laraxe cada 10 de agosto.

Cabo do marco encontramos unha parella, home e muller maiores, veciños da aldea próxima, sorprendidos pola nosa presenza. A conversa, no entanto, resultou clarificadora para saber porque hai alí sosténs, bragas, calcetíns de criaturas, algúns semiqueimados, moedas pousadas sobre o marco ou ciscadas polo chan, restos de cera nunha capeliña de madeira, un tarro de vidro coa tapa metálica perforada, envoltorios de plástico, flores verdes e secas, ósos e un carreiro tripado arredor do esteo.

Dixéronnos que acoden xentes, sobre todo mulleres, que procuran a curación dalgunha enfermidade propia ou dalgún familiar, e que hai quen leva anacos da pedra para a casa, para pendurar do pescozo ou para levar no peto como amuleto.

Os días propicios para pedir o favor da pedra son os venres e os martes, preferentemente os primeiros do mes. Débese ir sempre de noite, na compañía de dúas persoas e sen falar, con nove pedras recollidas nunha encrucillada e non regresar polo camiño polo que se foi. Unha vez alí hai que dar nove voltas arredor do marco, a cada volta tirar unha das pedras e recitar unha oración segundo o pedimento fora por ameigamento, aborto ou preñadura. De non estar presente o ofrecido, hai que deixar algunha prenda de seu e non esquecer unha esmola en metálico.

Sobre os rituais que se practican neste marco pódese consultar un artigo que recomendo, asinado por Eva Loureiro e publicado na Revista Eumesa de Estudos, nº 10, 2003. Pero non esquezades que as arelas expansivas dun polígono industrial ameazan seriamente o porvir do Marco de San Lourenzo e sería moi triste que un interese especulativo matase dous ou tres milenios de esperanza.

_____ © Antonio Reigosa. Artigo publicado en *Xornal de Galicia*, 8-VIII-2010.

_____ **Fotografía:** Francisco Vales Villamarín no Marco de San Lourenzo (Fotogr. de José Antonio Veiga Sánchez, ano 1972 ou anteriores))



